



DECRETO

Polo presente, no uso das atribucións establecidas no artigo 21.1.c) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/03, do 16 de abril, de Medidas para a Modernización do Goberno Local; no artigo 61.1.c) da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia; e no artigo 41.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a dispoñer:

PRIMEIRO.- CONVOCAR A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE FORCAREI, a celebra-lo vindeiro **DÍA 21 DE ABRIL DE 2016, XOVES**, que terá lugar no salón de Plenos da Casa do Concello as **DOCE HORAS (12,00 horas)** en primeira convocatoria e dous días despois, en segunda, entendéndose convocada automaticamente.

SEGUNDO.- Comuníquese ós concelleiros da Corporación de Forcarei, pónase a súa disposición o expediente da sesión e cumpíranse tódalas determinacións vixentes na materia, segundo o artigo 81 do R.O.F.

De conformidade co disposto no artigo 12.1 do R.D. 2568/86, do 28 de novembro, deberase comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, na Secretaría do Concello.


A sesión celebrarase co arreglo ó seguinte:

ORDE DO DIA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 18/02/2016.
- 2.- Dación de conta de resolución e decretos da Alcaldía.
- 3.- Dación de conta das actas da X.G.L.
- 4.- Dación de conta do envío de informes ao MINHAP
 - Informe seguimento PEF
 - Envío ISPA
 - Envío PPMP
- 5.- Dación de conta da Liquidación do Orzamento- 2015.
- 6.- Dación de conta do decreto de nomeamento de Tesoureiro.
- 7.- Dación de conta do acordo da X.G.L. de data 10/03/2016, sobre solicitude de PLAN CONCERTADO 2016.
- 8.- Adhesión ao Convenio Marco de Colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios de Provincias, en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.
- 9.- Adhesión do Concello de Forcarei á Asociación "Camiño Miñoto Ribeiro".
- 10.- Dación de conta do acordo da X.G.L. de data 07/04/2016, sobre adhesión do Concello á "ADR TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE-GDR 16".
- 11.- Modificación de crédito nº 2/16 (mediante crédito extraordinario), para investimentos financeiramente sostibles.
- 12.- Acordo dos Grupos Municipais sobre a fusión dos Concellos de Cerdedo e Cotobade e a súa repercusión no Concello de Forcarei.
- 13.- Mocións:
 - 13.1.- Moción do BNG, sobre a fusión dos Concellos de Cerdedo e Cotobade e a súa repercusión no Concello de Forcarei
- 14.- Rogos e preguntas.


Ante min
A SECRETARIA
Asdo.: M^{te} Elena Sueiro Fernández

Forcarei, a 18 de abril de 2016


ALCALDIA DE
FORCAREI (Pontevedra)
Asdo: Belén Cachafeiro Anta